

## CONDICIÓNS DA OFERTA

A natureza da presente oferta de cursos ten carácter meramente informativo e orientativo e non vincula a forGA a impartir as accións publicadas, deica se confirme, pola Fundación, a organización definitiva dos cursos, así como a matrícula e selección do/a participante e o lugar de impartimento.

A solicitude de preinscrición dos interesados e das interesadas adquirirá natureza de petición de inscrición cando a organización dos cursos sexa autorizada, con carácter definitivo, pola Equipa de Dirección da FORGA. Nise momento, todas as solicitudes formuladas participarán nun proceso selectivo, que se regulará consonte coas esixencias e requisitos dos programas oficiais das accións formativas que se decidiran impartir e/ou que se adxudicarán polas distintas Administracións Públicas e outro tipo de entidades. Rematado o proceso selectivo os/as participantes seleccionados/as recibirán unha comunicación por correo electrónico, indicándolles as datas e lugar de execución das accións formativas para as que fosen escollidos, a fin de que procedan a confirmar a súa matrícula.

Calquera tipo de pregunta e/ou aclaración ao redor da oferta formativa ou incidencia a respecto da preinscrición debe ser formulada e enviada aos seguintes enderezos electrónicos: [forga@forga.org](mailto:forga@forga.org) (formación presencial) ou [seguimento@cigrede.org](mailto:seguimento@cigrede.org) ou [matricula@cigrede.org](mailto:matricula@cigrede.org) (teleformación).

Para completar consultas, realizar preinscricións e obter información complementar tamén podes dirixirte ao centro da FORGA da túa localidade, ben en persoa, ben chamando por telefone.

A Equipa de Dirección da FORGA